INFORME PARA A DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA SOBRE A MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

O día 1 de novembro enviouse a esa dirección xeral a memoria funcional e económica relativa á proposta de modificación da relación de postos de traballo (RPT) da Consellería de Facenda e Administración Pública.

En relación coa apertura a diferentes corpos e escalas, na Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, na citada memoria propoñíase que os postos denominados Vicesecretaría Xeral (código FC.C02.00.001.15770.001) e Subdirector/a Xeral do Patrimonio (código FC.C02.00.002.15770.001) pasaran a estar abertos en corpo/escala a Xeral / Xeral (escala superior de finanzas) / Especial. Dado que coa apertura a Especial se abranguen todas as escalas da dita administración, advírtese que no caso da apertura a Xeral, ao indicar expresamente a apertura a escala superior de finanzas, déixanse fóra outras escalas, como a superior de estatística.

O que se informa aos efectos oportunos dado que a intención da modificación proposta é que os citados postos estean abertos ao maior número de escalas dentro das administracións Xeral e Especial.

Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital.
O secretario xeral técnico e do Patrimonio

Jorge Atán Castro

DIRECCIÓN XERAL DA FUNCIÓN PÚBLICA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Asinado por: ATAN CASTRO, JORGE
Cargo: Secretario Xeral Técnico e do Patrimonio
Data e hora: 11/12/2023 11:48:08

CVE: tVgB0QxzORY6
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve